

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2021.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**INTERVENTOR ACCIDENTAL:**

D. Roberto Babío Fernández

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e corenta minutos do día seis de setembro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión o Sr. interventor accidental, D. Roberto Babío Fernández.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 30 DE AGOSTO DE 2021.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta de agosto de dous mil vinte e un, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por sete votos a favor (dos/as Sres./as concelleiros/as, Pombo Carril, Iglesias Lovelle, Figueroa Fuentes, Liñares Gestal, Iglesias Becerra, Seijas González e Méndez Sánchez) e coa abstención do Sr. alcalde, Rioboo Castro, o cal manifesta que se abstén por non ter asistido á sesión á que se refire a acta.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 30 de agosto de 2021.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 24 de agosto de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan 5 edicións do curso básico de protección civil. DOG núm. 167 do 31-08-2021.
- Resolución do 26 de agosto de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala executiva, categoría de inspector principal dos corpos da Policía local. DOG núm. 169 do 02-09-2021.

- Resolución do 26 de agosto de 2021, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan nove cursos descentralizados de Desfibrilación externa semiautomática para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG núm. 169 do 02-09-2021.
- Anuncio do 11 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, de requirimento de xestión da biomasa (expediente UME/2020/262). DOG núm. 169 do 02-09-2021.
- Anuncio do 30 de xullo de 2021, do Concello de Culleredo, de convocatoria do procedemento selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de conserxe-colexio de administración xeral, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, funcionario de carreira, polo procedemento de oposición. DOG núm. 171 do 06-09-2021.
- Anuncio do 25 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, os días 26 e 27 de agosto de 2021. BOP núm. 165 do 31-08-2021.
- Anuncio do 24 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo ao extracto da resolución do 24 de agosto de 2021 pola que se convocan as subvencións municipais para entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo para a reactivación do tecido asociativo e para atender as necesidades xurdidas como consecuencia da crise sanitaria provocada pola Covid-19. BOP núm. 165 do 31-08-2021.
- Anuncio do 26 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo ás bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo para a reactivación do tecido asociativo e para atender as necesidades xurdidas como consecuencia da crise sanitaria provocada pola Covid-19. BOP núm. 166 do 01-09-2021.
- Resolución do 26 de agosto de 2021, da Consellería de Emprego e Igualdade -Xefatura Territorial da Coruña -Servizo de Emprego e Economía Social-, pola que se inscribe e se publica o convenio colectivo da empresa Gestión y Técnicas del Agua, SA para o seu centro de traballo en Culleredo. BOP núm. 166 do 01-09-2021.
- Anuncio do 31 de agosto de 2021, do Concello de Culleredo, relativo á delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.ª María Guadalupe Pombo Carril, desde o día 30 de agosto (hora sinatura resolución) ata o 1 de setembro inclusive. BOP núm. 168 do 03-09-2021.
- Anuncio do 2 de setembro de 2021, do Concello de Culleredo, de exposición pública da Conta Xeral do Concello de Culleredo. BOP núm. 168 do 03-09-2021.

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- O Sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións emitidas dende a Concellería delegada da Área de Medio Ambiente, Obras e Servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/1291/2021 de data do 08/07/2021 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización MTS REORDENACIÓNS MC704 – U. LABORAL, situados en Cordeda – Rutis.
- Resolución número CUL/RES/1292/2021 do 08/07/2021 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización LÍNEA ELÉCTRICA SUBTERRÁNEA DE BAJA TENSIÓN para subministro eléctrico á vivenda unifamiliar situada no lugar de Cornedo, da parroquia de Sueiro.

- Resolución número CUL/RES/1370/2021 do 26/07/2021 pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Renovación do vial VP-124 en Fonte da Balsa – Concello de Culleredo", redactado e asinado dixitalmente en data do 30/10/2018 por Alejandro Peña López, enxeñeiro de camiños, canais e portos, colexiado núm. 14.385, C. V. 5T1C4O6Y522P2F690L5K, co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 318.162,78 €, *IVE engadido*.
- Resolución número CUL/RES/1369/2021 do 26/07/2021 pola que se aproba o proxecto técnico para a obra de "Renovación de césped en el campo de fútbol de A Lavandeira, O Burgo", redactado e asinado dixitalmente en data do 10/12/2020 por Sonia María Vara Bilbao, arquitecta colexiada núm. 2.152, co seu correspondente presuposto que ascende á cantidade de 188.554,07 €, *IVE engadido*.
- Resolución número CUL/RES/1528/2021 de data do 09/08/2021 pola que se da de baixa a licenza municipal de ocupación de terreos de uso público para unhas mesas e cadeiras para a terraza do café-bar situado na rúa Alexandre Bóveda, núm. 1 baixo (parroquia do Burgo), concedida á sociedade ENCRUCIJADA 2009, SL con CIF B70223508, cunha ocupación de 15 m2, con efectos a 31 de decembro de 2020.
- Resolución número CUL/RES/1527/2021 de data do 09/08/2021 pola que se da de baixa a licenza municipal de ocupación de terreos de uso público para unhas mesas e cadeiras para a terraza da cafetería "Korner Sport Bar" situado na avenida Vilaboa, núm. 158 baixo (parroquia de Rutis), concedida ao NIF núm. 32820930-E, cunha ocupación de 17,80 m2, con efectos a 30 de xuño de 2020.
- Resolución número CUL/RES/1523/2021 do 06/08/2021 pola que se da de baixa a licenza municipal de ocupación de terreos de uso público para unhas mesas e cadeiras para a terraza do local destinado a café-bar situado na avenida Acea de Ama, núm. 41 baixo (parroquia de Rutis) deste termo municipal, concedida ao NIF núm. 76339747-X, cunha ocupación de 10 m2, con efectos a 31 de decembro de 2020.
- Resolución número CUL/RES/1524/2021 do 06/08/2021 pola que se da de baixa a licenza municipal para a instalación da terraza do café-bar "Arrincadeira", situado na avda. Ribados, núm. 14 (O Burgo), concedida ao NIF núm. 79313865-K, cunha ocupación de 15 m2, con efectos a 30 de xuño de 2021.
- Resolución número CUL/RES/1573/2021 do 24/08/2021 pola que se expede a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca TOYOTA COROLLA, matrícula 0655LRP de 5 prazas, número de identificación SB1Z53BE80E077869, en substitución do vehículo 0666JMS, ao entender que cumpre todos os requisitos, para a licenza número 24 de taxi, deste Concello de Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/1577/2021 de data do 24/08/2021 pola que se Ordenar á propietaria, a realización nos terreos referencia catastral 15031A00900101 da limpeza e roza que resultan necesarios para manter o terreo nas debidas condicións de seguridade/salubridade.
- Resolución número CUL/RES/1591/2021 do 31/08/2021 pola que se informa favorablemente a autorización interurbana para exercer o servizo de transporte colectivo urbano co vehículo marca TOYOTA COROLLA, matrícula 5147LRS de 5 prazas, número de identificación SB1Z53BE70E077877, en substitución do vehículo 6429JYW, ao entender que cumpre todos os requisitos, e se ordena dar traslado á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Mobilidade, para os efectos de que efectúe informe sobre a concorrencia das esixencias para completar o procedemento en relación coa autorización interurbana, de acordo co establecido no artigo 3 do Decreto citado."

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

|                                                                                                                                                                    |                      |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                                | Código do expediente |
| <b>USG15I02XC</b>                                                                                                                                                  | <b>USG/2021/148</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br><b>6K2C 4N2G 200Z 484P 13FL</b> |                      |

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e catro minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H